



XXVII FESTA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA 1 e 2 de ABRIL 2023

CRITERIOS INSCRICIÓN CASETAS DE ALIMENTACIÓN

- Só poderán participar persoas ou empresas que presenten a seguinte documentación:
 - DNI
 - Alta no réxime de autónomos e último recibo de pago
 - Rexistro sanitario
 - Manipulador de alimentos
 - D.O.P. ou I.X.P.
 - Etiquetado
 - Seguro RC e último recibo de pago
 - Certificado de estar o corrente de pago coa Seguridade Social
 - Certificado de estar o corrente de pago coa Axencia Tributaria
 - Certificado conta bancaria para o cargo da caseta
 - Relación de traballadores/as que interveñan no posto
 - Alta seguridade social dos traballadores/as
- Os produtos comercializados serán exclusivamente alimentos elaborados baixo rexistro sanitario acreditado e etiquetados correctamente segundo a lexislación vixente.
- Os horarios da feira serán de obrigado cumprimento podendo a organización impedir a participación de calquera expositor que non os cumpra.
- Os horarios da feira serán os seguintes:
 - Sábado día 1 de abril de 11:00 h. A 21:00 h.**
 - Domingo día 2 de abril de 10:00 h. A 15:00 h.**
- O sábado os expositores poderán pechar 2 horas para comer de 14 a 16h. A organización non colocará o sistema de peche, cada expositor terá que traer o seu propio.
- Os expositores dispoñerán dunha zona de aparcamento no aparcadoiro subterráneo da praza da Constitución (entrada pola Rúa dos Pepes). Dende aquí deberán levar a pe a mercancía ata as casetas. (non estará permitido o acceso con vehículos á praza da Constitución nin á carpa).
- Poderase acceder a este aparcadoiro dende as 08.45 ata as 10.45h o sábado e dende as 08.30 ata as 09.45h o domingo. Debendo estar os postos totalmente montados para cando se abra a feira.
- O espazo a ocupar polos expositores, así como a localización dos mesmos será decidida pola organización para unha mellor ordenación da feira.
- A organización resérvase o dereito da adxudicación dos expositores para garantir a oferta da meirande variedade de produtos ó público, notificándose a cada solicitude se foi admitida ou non no correo electrónico facilitado polo solicitante.
- Todas as casetas terán 3 metros de fondo e 3 de longo. A organización resérvase o dereito a variar o espazo se fose necesario.

- O prezo das casetas será de 55€ e será cargado á conta que se facilita xunto con toda a documentación unha vez sexa comunicada a adxudicación do posto e confirmada polo expositor vía correo electrónico. Para elo é de obriga cubrir a autorización adxunta.
- A organización dispoñerá de seguridade no recinto da feira na noite do sábado ó domingo. Recoméndase pechar a fronte de cada posto despois do peche da feira.
- A organización facilitará o acceso a tomas de luz para os que así o soliciten ó longo de todos os postos. Non se poderán enchufar estufas eléctricas.
- A organización non facilitará mesas nin cadeiras.
- A organización será a única con poder para tomar unha decisión sobre calquera imprevisto que puidera xurdir a última hora e sobre a admisión ou non de participantes.
- Non se poderá montar se non se presentou toda a documentación solicitada.
- A organización resérvase o dereito a retirar os produtos que non cumpran a lexislación vixente ou non veñan no estado adecuado.
- Para solicitar a reserva de espazo para montar a caseta, deberase presentar toda a documentación solicitada nestas bases xunto coa ficha adxunta polo rexistro do Concello de Vilalba, tanto presencial como pola sede electrónica (instancia xeral) na nosa páxina: www.vilalba.gal. Unha vez recibido a organización porase en contacto co expositor comunicando se ten ou non espazo a través do correo electrónico facilitado na inscrición. Unha vez comunicado e aceptado polo expositor, cargarase o importe na conta bancaria facilitada coa documentación.
- **Data inscrición: dende o día de publicación destas bases ata o 15 de Marzo de 2023.**
- Teléfonos de contacto: **982 51 03 05** (Concello)
- Correo electrónico: feiras@vilalba.es (Concellería de Feiras e Mercados). So para consultas.



XXVII FESTA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA 1 e 2 de ABRIL 2023

CRITERIOS INSCRIPCIÓN CASETAS DE ALIMENTACIÓN

DATOS DOS EXPOSITORES

(TODOS OS CAMPOS DEBERÁN SER CUBERTOS CON LETRAS MAIÚSCULAS E CON CLARIDADE)

EMPRESA	<input type="text"/>		
DIRECCIÓN:	<input type="text"/>		
PROVINCIA:	<input type="text"/>	POBOACIÓN:	<input type="text"/>
NIF / CIF:	<input type="text"/>	MÓBIL:	<input type="text"/>
FIXO:	<input type="text"/>	FAX:	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO:	<input type="text"/>		
PERSOA CONTACTO:	<input type="text"/>		
N.º REXISTRO SANITARIO:	<input type="text"/>	MATERIAL:	<input type="text"/>
METROS:	<input type="text"/>	TOMA CORRENTE:	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
NOME RÓTULO:	<input type="text"/>		

Acepto as normas da “XXVII Festa do Queixo de San Simón da Costa”, comprometéndome a respectalas e informo que cumpro toda a normativa e requisitos establecidos pola lexislación vixente para a venda do produto que presento.

FIRMA E SELO:

--